

CONFAPA-GALICIA DICE “NON” AO REPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES

O Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, afirmou no último pleno que ía “extender” o copago dos comedores escolares, que deixarán de ser gratis para o 34,25% dos usuarios galegos. O prezo máximo ascende a 4,5 euros.

Desde CONFAPA-GALICIA manifestamos o noso total desacordo a este re-pago. A Escola Pública está pagada cos nosos impostos que tamén se utilizan, sen ter en conta a nosa opinión, para soste empresas privadas de Educación con fondos públicos. A Educación non pode ser un negocio e moito menos un negocio onde o goberno invirte cartos dos contribuíntes.

Hai que ser conscientes da importancia do comedor escolar para a conciliación das familias e de que é un dos servizos que debe ofertar a Escola Pública. Este recorte, como tantos outros, realízase ao abeiro da crise e esta, á súa vez, susténtase na chamada “débeda nacional”. Pretenden facernos crer que estas medidas se toman para solucionar algo e iso non é certo, xa que se toman para conquistar o obxectivo de beneficiar ao poder financeiro e lograr unha clase traballadora con moitos menos dereitos. E o peor é que non son medidas pasaxeiras senon froito dunha estratexia.

Os dereitos que tardamos tanto en conseguir, non os imos recuperar se deixamos que se perdan. A Educación Pública non debe pagar a débeda dos bancos: público non significa “do goberno”, senon de todos os cidadáns e cidadás. O público debe ser intocable, respectado por riba da ideoloxía do goberno de turno.

A medida que pretenden aplicar desde a Consellería atenta directamente contra “o público” así entendido. Tal Consellería debería ser consciente do dano irreparable que se está a facer aos centros do rural. Supoñémos sabedores aos responsables da Consellería de Educación de que moitos máis rapaces dos que cremos, fan a única comida en condicións ao día precisamente no colexio.

A Administración é sempre subsidiariamente responsable da Educación; e mentres haxa un neno ou unha nena con calquera tipo de necesidade, é responsabilidade da Consellería.

Por outra banda, consideramos que o uso do transporte escolar non debe tomarse como modelo prioritario para a gratuidade do comedor. Familias que vivan a cen metros do centro educativo poden precisar de xeito urxente un servizo que, ademáis, está incluído na Programación Xeral Anual de todos os Centros, e que é atendido por nais e pais sen contrato e a quen se lles paga a dous ou tres meses vista.

Queremos transmitir ás Anpas Federadas así como ao conxunto da cidadanía que **as nais e pais da escola pública non imos repagar un servizo que nos corresponde por dereito.** Defendemos, como sempre o fixemos, unha educación pública gratuíta, de calidade, de todos e para todos.

A falta de cartos que alega a Consellería non é recoñecida por nós que, como cidadáns vemos como se dilapidan noutros asuntos supérfluos. Non pedimos senon que **esiximos que a Consellería de Educación execute XA o estipulado pola Xustiza e retire INMEDIATAMENTE os concertos ás empresas privadas de educación que segregan por sexos,** sen esperar á implantación da LOMCE que invalidaría a sentenza do TSXG. Porque contra tal Anteproxecto tamén estamos a loitar xunto co resto da comunidade educativa.

Unha vez recuperados os 3-5 millóns de euros destinados a eses Centros, a Consellería debe investir nos comedores que hoxe quere dismantelar.

En canto ao tema dos “tuppers”, é unha posibilidade que nin sequera queremos contemplar por segregadora: a escola pública sempre defendeu e defenderá a igualdade entendida como equidade e non discriminación en ningún dos seus posibles sentidos.

Xunta Directiva de CONFAPA-GALICIA.

MARZO DE 2013.